

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 28 de xuño de 2006 pola que se clasifica de interese deportivo a Fundación Nino Mirón Pontevedra Club de Fútbol.

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Nino Mirón Pontevedra Club de Fútbol*, con domicilio en Pontevedra.

Supostos de feito.

1. Saturnino Mirón Gutiérrez, na súa condición de presidente do padroado da fundación, formulou solicitude de clasificación para efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Pontevedra, o día dez de marzo de dous mil seis, ante o notario Eduardo Méndez Apenela co número de protocolo mil trescentos trece, por Saturnino Mirón Gutiérrez, Manuel Brañas Vázquez, Jorge Andrés Pedrosa Silva, Elías Espiñeira Carnoto, que actúan no seu propio nome e dereito, e polo Concello de Barro representado para este acto polo seu alcalde José A. Landín Eirín.

3. Segundo consta no artigo seis dos estatutos, a fundación ten por obxecto promocionar, desenvolver e impulsar o deporte, con especial atención á participación de nenos en idades de formación, universitarios e minusválidos, así como procurar a inserción sociolaboral dos deportistas, unindo a cultura, a educación e a práctica deportiva para o desenvolvemento integral da sociedade e contribuír así á formación dunha xuventude máis san desde o punto de vista persoal e social.

4. O padroado da fundación estará integrado por Saturnino Mirón Gutiérrez, como presidente, Manuel Brañas Vázquez, como vicepresidente, Jorge Andrés Pedrosa Silva, como secretario, e por Elías Espiñeira Carnoto, Beatriz Paula Mirón Escaloni, Begoña Mirón Escaloni e José A. Landín Eirín, como vogais.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías elévalle ao Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese deportivo da *Fundación Nino Mirón Pontevedra Club de Fútbol* dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos exixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese deportivo e a súa adscrición á Consellería de Cultura e Deporte.

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2.c) do Decreto 248/92, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, correspóndelle a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, quen exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día vinte e seis de xuño de dous mil seis.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño, e a Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeneral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO

Clasificar de interese deportivo a *Fundación Nino Mirón Pontevedra Club de Fútbol* adscribíndoa á Consellería de Cultura e Deporte, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2006.

José Luis Méndez Romeu

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Resolución do 10 de xullo de 2006, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se establecen axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión.

En cumprimento do disposto no Decreto 96/2004, do 13 de maio, polo que se modifica o Decreto 71/1999, do 18 de marzo, polo que se regulan as axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión e, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta resolución ten por obxecto o establecemento de subvencións ás empresas xornalísticas radicadas en Galicia que estean debidamente inscritas no Rexistro Mercantil ou no que corresponda segundo a forma empresarial que adopten.

Para os efectos desta resolución entenderase:

a) Por empresas xornalísticas, as que teñan por obxecto da súa actividade, entre outras, a edición e distribución de xornais diarios co mesmo título e numeración sucesiva, as empresas radiofónicas privadas e aquelas que transmitan a súa actividade informativa diaria a través da internet, vía satélite ou por calquera outro sistema que empregue soportes das novas tecnoloxías da comunicación.

b) Por empresas radicadas en Galicia aquelas que contén cun cadro de persoal estable de cando menos cinco traballadores e que elaboren e difundan toda ou parte da súa produción informativa de forma específica no territorio da comunidade autónoma.

Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.

1. Poderán solicitar as axudas obxecto desta resolución as empresas que publiquen, ou difundan informacións, programas, artigos, reportaxes, colaboracións ou seccións orientadas a alentar a defensa da identidade de Galicia, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a difusión da súa cultura. Na súa produción informativa deberá ter un especial protagonismo o idioma galego.

2. As empresas xornalísticas e de radiodifusión que se acollan ás axudas reguladas nesta resolución, comprometeranse a: respectar, nas informacións redactadas en castelán a lingua das declaracións da fonte ou do entrevistado, sempre que as citas sexan transcritas en estilo directo, e a introducir a oferta positiva establecida no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, cando menos na relación xornalística cos representantes cidadáns e cargos de responsabilidade pública. A oferta positiva consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a empresa e o entrevistado.

3. Quedan excluídos da concesión de axudas:

- a) Os boletíns interiores de institucións.
- b) As publicacións de partidos políticos, asociacións relixiosas ou entidades públicas.
- c) As de distribución gratuíta.
- d) As empresas que emitan a través de sinal de Televisión.

Artigo 3º.-Financiamento.

A concesión das subvencións reguladas nesta resolución terá como límite global o crédito de 2.200.000 €, que se financiará con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.353E.470.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Artigo 4º.-Solicitudes.

As solicitudes, axustadas ao modelo oficial que se publica como anexo desta resolución, dirixiranse ao secretario xeral de Comunicación e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

A) Empresas xornalísticas:

- 1. Copia do documento nacional de identidade do solicitante ou representante legal.
- 2. Testemuño auténtico da escritura de poder cando o solicitante obre en representación da persoa física ou xurídica titular do medio.
- 3. Certificación da inscrición no Rexistro Mercantil, ou no do órgano correspondente.
- 4. Memoria na que se faga constar os números publicados desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2005, número de traballos ou artigos escritos en lingua galega durante o mesmo período e porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións encamiñadas á nor-

malización da lingua galega e difusión da identidade e cultura de Galicia.

5. Copia do pagamento do imposto sobre actividades económicas (IAE). No caso de que a entidade estea exenta, deberá xustificar a causa de exención.

6. Certificación de estar ao día nos pagamentos das obrigas tributarias e á Seguridade Social.

7. Certificación de non ter contraída ningunha débeda coa comunidade autónoma.

8. Copia autenticada do TC-2 onde se acredite que a empresa ten un cadro de persoal de cando menos 5 traballadores desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2005.

9. Declaración do número de exemplares difundidos da publicación de que se trate durante o período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2005, acompañada da documentación que o acredite. No caso de empresas que emitan a través da internet, presentarán declaración do número de visitas ou consultas efectuadas no período citado anteriormente. Incidirá especialmente na valoración a certificación expedida pola Oficina da Xustificación da Difusión (OXD), coa difusión no período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2005.

10. Declaración xurada do representante da empresa responsabilizándose de que vai incrementar o uso da lingua galega un mínimo dun dez por cento sobre o existente en galego, en cada cabeceira.

11. Os peticionarios das axudas presentarán, coa solícitude inicial, unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas.

B) Empresas de radiodifusión:

1. Memoria na que se faga constar a programación, especificando que parte dela se realiza en lingua galega. Este último extremo acreditarase mediante declaración xurada.

2. A que se establece nos números 1, 2, 3, 5, 6, 7, 8, e 11 do epígrafe A) deste artigo.

3. Informe do estudo xeral de medios relativo á audiencia acumulada da emisora solicitante durante o período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2005.

4. Declaración xurada do representante da empresa responsabilizándose de que continuará realizando as emisións en galego ata o 31 de decembro de 2006 no caso de ser beneficiaria da axuda.

Artigo 5º.-Prazo e presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte á publicación desta resolución.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sito no edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela, directamente ou a través dos procedementos establecidos nos artigos 38.4º e 38.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6º.-Tramitación dos expedientes.

As solicitudes presentadas serán tramitadas polo servizo competente da Secretaría Xeral de Comunicación.

As ditas solicitudes serán avaliadas por unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidente: o secretario xeral de Comunicación.

Vogais:

-A secretaria xeral de Política Lingüística.

-Un funcionario da Secretaría Xeral de Comunicación con categoría non inferior á de xefe de servizo.

-Un funcionario proposto pola Secretaría Xeral de Política Lingüística con categoría non inferior á de xefe de servizo.

Secretario: un funcionario da Secretaría Xeral de Comunicación, por proposta do presidente, que actuará con voz pero sen voto.

Artigo 7º.-Criterios de valoración.

A valoración das solicitudes presentadas basearase nos seguintes criterios:

a) Criterio referido á difusión: tiraxe de exemplares, número de lectores ou oíntes e número de visitas ou consultas.

b) Criterio referido ao emprego regular do galego normativizado por parte do medio, seguindo o establecido no Decreto 172/1982, do 17 de novembro, de normas sobre uso e ensino da lingua galega e na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

c) Criterio referido a porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións encamiñadas á normalización da lingua galega e difusión da identidade e cultura de Galicia.

Artigo 8º.-Resolución.

1. As solicitudes de axuda realizadas ao abeiro desta resolución serán resoltas polo secretario xeral de Comunicación ao abeiro do establecido na disposición adicional segunda apígrafe c) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

As axudas concedidas ao abeiro desta resolución daráselles publicidade nos termos do establecido no artigo 78.8 *in fine* do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro polo que se aproba a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. No suposto de que a contía individualmente considerada sexa inferior a 3.000 euros publicarase no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral de Comunicación.

2. A comisión poderá solicitar todos os informes que considere necesarios, realizando proposta, para que se adopte a resolución que proceda. Contra a dita resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición nos prazos estipulados no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou acudir directamente á xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses desde a súa notificación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3. A concesión ou denegación desta liña de subvencións, axustarase aos artigos 42 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo

común. No prazo de seis meses desde a data de publicación desta convocatoria, ditarase resolución expresa, e notificarase a cada unha das empresas ou entidades solicitantes, de non producirse a notificación no referido prazo e de conformidade co artigo 44.1º da citada lei, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

Artigo 9º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a:

a) Aceptar expresamente a subvención e acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais, e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

b) Ao reintegro, total ou parcial, da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

c) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

d) Así mesmo, no momento da xustificación da execución total do proxecto e en calquera caso antes de efectuar o pagamento da axuda o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

2. Para os efectos de xustificar o compromiso establecido no artigo 2º.2 desta resolución, os beneficiarios deberán achegar declaración do representante da empresa responsabilizándose de respectar as declaracións da fonte ou do entrevistado e a introdución da oferta positiva, nos termos recollidos neste.

Neste senso, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O pagamento farase efectivo na súa totalidade unha vez adoptada a resolución a que se refire o artigo anterior.

Disposicións derradeiras

Única.-Nos aspectos non contidos nesta resolución, aplicarase o Decreto 71/1999, do 18 de marzo, modificado polo Decreto 96/2004, do 13 de maio, e os artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que o desenvolve, así como o artigo 41 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2006.

Fernando Salgado García
Secretario xeral de Comunicación



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS A EMPRESAS XORNALÍSTICAS E DE RADIODIFUSIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR852A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

DON / DONA / EMPRESA		NIF	
ACTUANDO EN: ☐ NOME PROPIO ☐ REPRESENTACIÓN DE _____			
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

EXPÓN:

1.- Que de conformidade co contido da Resolución do 10 de xullo de 2006 pola que se establecen axudas económicas, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión, xunta a documentación requirida para:

- ☐ Empresa xornalística
- ☐ Empresa de radiodifusión

(sinálese cun X o que proceda)

SOLICITA:

A concesión dunha axuda ao abeiro da mencionada Resolución..

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 10 de xullo de 2006, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se establecen axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA
RECIBIDO	
REVISADO E CONFORME	

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 11 de xullo de 2006 pola que se convocan os premios de excelencia académica para o alumnado que inicie estudos universitarios no sistema universitario de Galicia, no curso académico 2006-2007.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 xaneiro de 1988, DOG do 17 de febreiro de 1988), transferiulle á comunidade autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG do 8 de abril). A Lei 11/1989, do 20 de xullo (DOG do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia (SUG) con tres universidades: a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, está a levar a cabo diversas accións de apoio económico ao alumnado do ensino universitario coas que se pretende favorecer a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia do rendemento académico.

Dentro desta política de asistencia económica, destacan as liñas de axudas para potenciar a mobilidade a países comunitarios e extracomunitarios, a formación inicial en tarefas de investigación, ou a premiar o esforzo realizado durante a súa traxectoria académica ás/aos mellores estudantes recién titulados/as. Por outra parte, considerando importante que tamén se recoñeza o esforzo, traballo e dedicación dos alumnos e alumnas con excelente traxectoria académica no ensino non universitario, créanse os premios de excelencia académica dirixidos ao alumnado que inicie por primeira vez a súa traxectoria nas universidades galegas, coa posibilidade de que en futuras convocatorias poidan renovar este recoñecemento un ano máis, atendendo ao rendemento académico dos seus estudos. A finalidade desta convocatoria é que este alumnado inicie e prosiga a súa formación universitaria no SUG desenvolvendo ao máximo o seu potencial intelectual, adquirindo novos coñecementos e destrezas que o capaciten para incorporarse ao mundo laboral nas mellores condicións posibles ou realizar tarefas de investigación que redunden no progreso de Galicia.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse 60 premios de excelencia académica para os alumnos e alumnas que no curso académico 2006-2007 inicien estudos conducentes a un título de carácter oficial e validez nacional de diplomado/a, mestre/a, enxeñeiro/a técnico/a ou arquitecto/a técnico/a, licenciado/a, enxeñeiro/a ou arquitecto/a nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, atendendo a seguinte distribución:

Grupo A: 50 premios aos que poden optar os alumnos e alumnas que realizaron os seus estudos non universitarios en centros da Comunidade Autónoma de Galicia e teñan a súa residencia nesta comunidade autónoma.

Grupo B: 10 premios aos que poden optar os alumnos e alumnas que realizaron os seus estudos non universitarios en centros de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os premios do grupo B serán acumulados aos do grupo A, e viceversa, en función das solicitudes e sempre que non se modifique o montante global orzado.

Estes premios son compatibles con calquera outro tipo de premios, bolsas ou axudas concedidos por algunha Administración pública competente ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 2º.-Orzamento.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estes premios con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.322C.480.2, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, por un importe global de 180.000 €.

Artigo 3º.-Contía.

A dotación de cada premio de excelencia académica ascenderá a 3.000 euros, que estará suxeita ás retencións que legalmente correspondan.

Artigo 4º.-Destinatarios.

Son destinatarios destes premios os:

a) Alumnos e alumnas de 2º de bacharelato que rematen os seus estudos, no curso académico 2005-2006.

b) Alumnos e alumnas de ciclos formativos de grao superior que acceden por primeira vez a estudos universitarios. Este alumnado deberá ter finalizado os estudos antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes.

c) Alumnos e alumnas maiores de 25 anos que acceden á universidade por primeira vez a través das correspondentes probas de acceso celebradas na convocatoria do ano 2006.